

Aisgal (Associazione Italiana di Studi Galeghi)

O pasado 23 de novembro fundouse a AISGAL, a Asociación Italiana de Estudos Galegos. Estamos convencidos de que a AISGAL vai cubrir un oco que non podía permanecer baleiro máis tempo. O noso país presume, probablemente, da tradición máis antiga de Estudos Galegos no mundo; incluso sen querer considerar que os principais códices que nos transmitiron a lírica medieval foron mandados copiar por un humanista italiano, Angelo Colocci, os estudos sobre a literatura galega, ou galego-portuguesa, comezan en Italia.

Por iso decidimos fundar a AISGAL, porque queremos promover e favorecer no noso país, pero non só, a difusión da lingua e da literatura galega, a través da formación, a investigación científica e a instrución. A Asociación, como reza o Estatuto, tutela, promove e valora, a beneficio de todos, o coñecemento e a investigación científica no campo da lingua, da literatura e da cultura galega, desde as orixes -a Idade Media, en definitiva, bastante ben coñecida e estudada- ata os nosos días -coa mirada posta nas novas promesas que escriben e fan cultura hoxe.

Cremos moito na interdisciplinabilidade dos estudos: non cabe dúbida de que o estudo da literatura galega, non só a medieval, tamén forma parte do campo da Filoloxía Románica; así como o estudo dos autores contemporáneos non pode ser desvinculado do contexto español, portugués, europeo; contexto que a miúdo é moito máis amplo, cruzando o Atlántico. Terra de constante e ininterrompida emigración, Galicia sempre vai da man con América.

Para iso esperamos poder facer polo menos un treito da nosa viaxe xunto a SIFR, a Sociedade Italiana de Filoloxía Románica; a AISPI, a Asociación de Hispanistas Italianos; a AISPEB, a Asociación Italiana de Estudos Portugueses y Brasileiros; e a AISC, a Asociación Italiana de Estudos Cataláns; compartindo con eles intereses, finalidades e, ás veces, o obxecto de estudo. Non é casualidade que xa sexamos socios de máis dunha destas asociacións.

Pero, ao mesmo tempo, queremos caracterizarnos como punto de referencia obrigado para os estudos e as iniciativas relacionadas co galego en Italia e ser o referente privilexiado italiano nas relacións coa Xunta de Galicia. Relación que xa está consolidada: os centros galegos están presentes en Italia desde hai tempo, o de Roma desde 1999 e o de Padova desde 2001.

Sen embargo, a nosa visión tamén se proxecta fóra do mundo académico; pensamos naqueles que aínda non saben nada da realidade galega, ou, de cruzarse con ela, non a recoñeceron. A referencia é a moita literatura que, escrita en galego e traducida do galego, moitas veces se difunde como española.

Polo tanto, por unha banda, queremos involucrarnos nun esforzo de difusión entre os lectores, para aproximalos a unha nova literatura e a un novo escenario cultural; e pola outra banda, queremos, agora máis que nunca, ser un impulso para os editores, dándolles a coñecer esta nova cultura primeiro a eles coa esperanza de levalos a publicar e difundir un número cada vez maior de obras galegas no noso país. Textos contemporáneos, sen dúbida, pero sen descoidar a tradición que axudou a facer da literatura galega o que é hoxe.

Attilio Castellucci

Presidente da Associazione Italiana di Studi Galeghi

□ studigaleghi@gmail.com



www.aisgal.it



<https://www.facebook.com/Aisgal-Onlus>